

**Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno
correspondente ao día 2 de novembro de 2020**

Con data 2 de novembro do ano dous mil vinte, ás nove horas e corenta e cinco minutos, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación a través do sistema de videoconferencia (a través do enlace call.lifesizecloud.com remitido coa convocatoria), co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente:

D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as:

D. Rosendo Luis Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Pablo Pérez Pérez

D. Jorge Pumar Tesouro

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Luz Doporto Real

D. José Miguel Caride Domínguez

Secretario:

D. Adamantino Barreiro García

Interventora:

D.^a Mónica Legaspi Díaz

Iníciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 26 DE OUTUBRO DE 2020.- A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 26 de outubro de 2020.

Non se producen intervencións, polo que a **Xunta de Goberno**, por unanimidade,

adopta o seguinte **acordo**:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do día 26 de outubro de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA A REALIZACIÓN DE FESTIVAIS, CICLOS, MOSTRAS OU ACTIVIDADES ANÁLOGAS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2020.

O 26 de outubro de 2020, reúnese a Comisión de Valoración do concurso convocado pola Deputación Provincial de Ourense para a concesión de subvencións para a realización de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas correspondentes ao exercicio 2020 (cuxas bases e convocatoria foron publicadas no BOP nº 51, do 3 de marzo de 2020) co obxecto de proceder á formulación dunha proposta de resolución das alegacións presentadas fronte á proposta provisional de resolución do concurso, que se someteu a trámite de audiencia o 25 de setembro de 2020, mediante anuncio na sede electrónica e páxina web desta Deputación Provincial.

No dito prazo de audiencia, presentou escrito de alegacións, o Concello de Xinzo de Limia.

Faise constar que, unha vez asinada a acta de valoración do concurso, a Asociación Cultural Ecolóxica Educativa Arteficial, presentou un escrito no que solicita a modificación do seu orzamento.

Así mesmo, a Asociación O Tangaranho e a Asociación Cultural Rebulir Escola de Baile e Música Tradicional, presentaron renuncia ás propostas das subvencións efectuadas pola Comisión de Valoración.

En canto á solicitude de redución do orzamento realizado pola Asociación Cultural Ecolóxica Educativa Arteficial así como o escrito presentado en fase de alegacións polo Concello de Xinzo de Limia no que tamén fai referencia á redución do orzamento, ambas polo estado da pandemia no que nos atopamos, a Comisión de Valoración propón a denegación das dúas solicitudes xa que a valoración das solicitudes deste concurso xa están efectuadas; non obstante, infórmase de que a Xunta de Goberno adoptou, na súa sesión ordinaria do día 26 de outubro de 2020, o acordo de simplificación na xustificación do concurso público para a concesión de subvencións para realización de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas 2020, que se transcribe a continuación:

“Simplificar a xustificación da convocatoria do concurso para a concesión de

subvencións para a realización de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas correspondentes ao exercicio 2020 do seguinte xeito:

1º) As entidades beneficiarias das subvencións concedidas ao abeiro do concurso para a concesión de subvencións para a realización de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas correspondentes ao exercicio 2020, deberán acreditar, unicamente, a xustificación do gasto por un importe igual ou superior ao da subvención concedida; de non ser así, procederase á correspondente redución.

2º) O resto das condicións establecidas na base décimo cuarta, mantéñense invariables.”

Polo exposto, unha vez concluída a tramitación do expediente e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adoptou** o seguinte **acordo**:

1º) Aceptar as renuncias á solicitude de subvención, presentadas polas seguintes entidades:

Asociación Coral Polifónica Casino Carballiño	G32102535	XXXVIII Festival Galaico-Portugués
Asociación Cultural Pandereteiras Celavella	G32444341	III Foliada Celavella
Asociación Cultural Recreativa Xuvenil Rebule Arnoia	G32466906	VI Festival Certame de Pandereteiras
Asociación Cultural SilFest	G32463812	SilFest Valdeorras 2020
Asociación de veciños Parroquia de Mandrás	G32247538	Serán tradicional de Mandrás 2020
Asociación Ribeira Sacra Cultural	G32497729	II Fest Clásico Ribeira Sacra, 2020
Concello de Arnoia	P3200400D	VI Festival de pandereteiras
Concello de Baños de Molgas	P3200800E	Son da Burga
Concello de Coles	P3202700E	Ciclo de teatro no Concello de Coles

Concello de Taboadela	P3208000D	II Semana Cultural de Taboadela
Concello de Viana do Bolo	P3208700I	V Ciclo de outono teatral
Concello de Viana do Bolo	P3208700I	VI Festival de verán xostra de Viana
Concello do Bolo	P3201600H	IV Festival de gaitas e Feira Medieval
Ferno y Garo S.L.	B32460842	Training Camp 2020

2º) Aceptar as renuncias ás propostas de subvencións realizadas pola Comisión de Valoración, presentadas polas seguintes entidades:

Asociación Tangaranho	G32474652	Festival Tangaranho Rock
Asociación Cultural Rebulir	G32378960	A Noite do Rella

3º) Excluir da valoración os seguintes proxectos polo motivos que se indican:

2ºa) Por non realizar o festival, obxecto da subvención:

- Concello de Ribadavia: Este concello presentou un escrito, con data 11 de setembro de 2020, no que indica que o festival UKPDAY, non se celebrou pero solicita o pago dos gastos previos á realización deste evento; a este respecto, compre indicar que a finalidade desta convocatoria é o financiamento de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas relacionadas coas artes escénicas e musicais promovidos por persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que se desenvolvan integramente na provincia de Ourense e que se realicen entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020; polo tanto, a non realización do festival para o que se solicitou a subvención, perde o seu carácter finalista, polo que non se pode proceder a súa valoración.
- 2ºb) Por non presentar a documentación valorable, non sendo esta emendable, de conformidade co establecido nas bases da convocatoria:

Darío Ángel Rodríguez Rodríguez	34963738N	Pentagramas Sacros
---------------------------------	-----------	--------------------

Asociación Cultural Plan B	G32338006	A Xeración Nos con Nos
Asociación Camiño Xacobeo Miñoto Ribeiro	G32401010	Musiqueando na Poesía do Camiño

4º) Conceder, conforme á valoración efectuada, as subvencións, polos importes que se indican, aos proxectos seguintes:

Solicitantes	Actividade	Valores Punt. Int. Social	Punt. E.P.	Punt. Autof.	Total Punt.	Impor. Concedido
- CIF: -		-	0	0	0,00	- €
AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA QUEIXUMES DOS PINOS	- CIF: G32224198	3,6	0	10	13,61	1.750,00 €
	FESTIVAL INTERNACIONAL DE NOVOS TALENTOS 2020	3,6	0	10	13,61	1.750,00 €
ASOCIACIÓN CORO DE CÁMARA MÚSICA VIVA	- CIF: G32392813	3,2	0	7	10,22	2.350,00 €
	V FESTIVAL "OUTROS PAISES, OUTRAS MÚSICAS"	3,2	0	7	10,22	2.350,00 €
ASOCIACIÓN CULTURAL ECOLÓXICO EDUCATIVA ARTEFICIAL	- CIF: G32364937	5,4	0	7	12,40	3.935,57 €
	FESTIVAL ARTEFICIAL	5,4	0	7	12,40	3.935,57 €
ASOCIACIÓN CULTURAL ORFEÓN VALDEORRÉS	- CIF: G32016180	3,8	0	7	10,84	2.000,00 €
	CONCIERTO CIERRE 40 ANIVERSARIO	3,8	0	7	10,84	2.000,00 €
ASOCIACIÓN CULTURAL TIRULEQUE GRUPO TEATRO	- CIF: G32034928	9,6	0	10	19,65	2.000,00 €
	XIII MOSTRA DE TEATRO AMADOR "TERRAS DO ORCELLÓN" 2020	9,6	0	10	19,65	2.000,00 €
ASOCIACIÓN ORFEÓN DO CARBALLIÑO	- CIF: G32166910	6,0	0	7	13,05	4.000,00 €
	FESTIVAL DE HABANERAS	6,0	0	7	13,05	4.000,00 €
ASOCIACIÓN PARA EL DESARROLLO EDUCATIVO Y CUTURAL	- CIF: G94153053	24,0	0	7	31,00	17.500,00 €
	FESTIVAL DA AUGA	24,0	0	7	31,00	17.500,00 €
ASOCIACIÓN RIBEIRA SACRA CULTURAL	- CIF: G32497729	2,4	0	10	12,40	1.200,00 €

CERTAMEN INTERNACIONAL DE INTERPRETACIÓN MUSICAL RIBEIRA SACRA	2,4	0	10	12,40	1.200,00 €
CAPELA MADRIGALISTA DE OURENSE - CIF: G32102568	3,1	0	10	13,07	1.500,00 €
ENCONTRO DE PANXOLIÑAS DE ALLARIZ	3,1	0	10	13,07	1.500,00 €
CONCELLO DE CASTRELO DE MIÑO - CIF: P3202300D	2,3	0	7	9,34	1.706,70 €
RIBEIRO BLUES WINE FESTIVAL	2,3	0	7	9,34	1.706,70 €
CONCELLO DE COLES - CIF: P3202700E	4,5	0	7	11,51	3.290,00 €
CONCERTOS DE BANDAS NO CONCELLO DE COLES	4,5	0	7	11,51	3.290,00 €
CONCELLO DE XINZO DE LIMIA - CIF: P3203300C	12,2	0	7	19,20	8.893,50 €
CICLO CULTURAL MÚSICAL "LIMIA SONORA"	12,2	0	7	19,20	8.893,50 €
CONCELLO DE XUNQUEIRA DE AMBÍA - CIF: P3203700D	5,3	0	7	12,28	3.850,00 €
XXXI CICLO DE ORGANOS DE MÚSICA ANTIGA COLEXIATA STA. MARÍA LA REAL	5,3	0	7	12,28	3.850,00 €
CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS - CIF: P3201000A	8,9	0	10	18,89	4.539,00 €
VIII CICLO DE PERTO	8,9	0	10	18,89	4.539,00 €
CONCELLO DO CARBALLIÑO - CIF: P3202000J	3,5	0	10	13,48	1.775,95 €
XII FESTIVAL DE TÍTERES NO CARBALLIÑO 2020	3,5	0	10	13,48	1.775,95 €
DOPPLER GESTIÓN CULTURAL - CIF: J32451841	11,3	0	7	18,26	8.207,50 €
MUSGO	11,3	0	7	18,26	8.207,50 €

5º) Ampliar o prazo xeral de xustificación das subvencións concedidas e establecido nas bases de convocatoria ata o día 15 de decembro de 2020.

6º) Ordenar a publicación do pertinente acordo de resolución no BOP e na sede electrónica da Deputación Provincial, así como a acta da Comisión de Valoración na referida sede electrónica, para coñecemento e efectos oportunos.

3.- EXPROPIACIÓN FORZOSA URBANÍSTICA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS “AMPLIACIÓN DE ACCESOS A REQUIÁS E GUNTUMIL”, NO TERMO MUNICIPAL DE MUÍÑOS.-

O Concello de Muíños, a través do acordo adoptado na sesión plenaria extraordinaria celebrada o 15 de maio de 2020, solicitou á Deputación de Ourense a

aceptación da delegación de competencia para a tramitación do expediente expropiatorio para a execución da obra “ampliación de accesos a Requiás e Guntumil”, no termo municipal de Muíños, a cal foi aceptada pola Corporación Provincial a través do acordo adoptado na sesión plenaria ordinaria que tivo lugar o 29 de maio de 2020.

O devandito proxecto encádrase dentro da execución das previsións incluídas no PXOM do Concello de Muíños, aprobado definitivamente mediante Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, do 15 de xuño de 2012, polo que o procedemento expropiatorio a utilizar é o previsto no artigo 118 da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*.

É de sinalar a urxencia das actuacións que se pretenden executar, encamiñadas a adquirir os terreos necesarios que fagan posible a execución de obras de conservación, mellora e ampliación da traza do camiño de acceso a Requiás e Guntumil, co obxectivo primordial de acadar unha meirande seguridade viaria para os peóns que por el discorren e nos desplazamentos en automóbil, coa conseguinte mellora na calidade de vida dos seus habitantes e das condicións medioambientais do entorno.

Polo exposto, e unha vez concluída a tramitación do expediente e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, tendo en conta que as comisións informativas correspondentes ao mes de outubro xa tiveron lugar e coa intención de non demorar máis este acordo de expropiación, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o **seguinte acordo**:

1º) Aprobar inicialmente o proxecto de expropiación relativo a obra “ampliación de accesos a Requiás e Guntumil”, no termo municipal de Muíños, así como apertura dun período de información pública polo prazo de 1 mes, de conformidade coa lexislación vixente.

2º) Darlle traslado deste acordo á primeira comisión informativa competente por razón da materia que se convoque, con posterioridade a adopción do presente acordo.

4.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DO CONCELLO DE TOÉN, PARA A EXECUCIÓN DA OBRA “CREACIÓN DE PUNTO DE ENCONTRO E RECUPERACIÓN DA FONTE DE FREIXENDO”.- Nos orzamentos desta Deputación para o exercicio 2019, prevese a concesión dunha subvención nominativa a favor do Concello de Toén, por importe de 15.000,00 euros, para “*creación de punto de encontro e recuperación da Fonte de Freixendo*”.

A entidade beneficiaria, tralo requirimento cursado por esta Deputación con ocasión

da incoación do expediente, remitiu a documentación necesaria para a concesión da subvención de xeito completo, comprobándose a dita circunstancia pola Sección de Contratación.

Polo exposto, unha vez concluída a tramitación do expediente e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adoptou** o seguinte **acordo**:

Conceder unha subvención nominativa a favor do Concello de Toén, para a execución da obra “*creación de punto de encontro e recuperación da Fonte de Freixendo*”, polo importe de 15.000,00 euros, coas seguintes condicións:

A contratación do investimento subvencionado será realizada directamente pola Deputación Provincial de Ourense, a través da súa Sección de Contratación. A subvención entenderase xustificada coa execución do seu obxecto pola Deputación.

A dirección facultativa da execución das obras e a coordinación de seguridade e saúde, corresponderá aos técnicos designados polo concello, a través dos que a administración municipal poderá dispoñer da información necesaria sobre a execución das obras así como controlar a súa correcta execución.

Concluída a execución da actuación subvencionada, comunicarse ao concello para os efectos de que designe un representante que poida asistir ao acto de recepción da obra, en virtude do cal, e sempre que o concello amose a súa conformidade na correspondente acta, as obras entenderanse entregadas ao concello beneficiario.

A desconformidade do concello coa recepción da obra deberá ser motivada por causas non imputables á dirección facultativa das obras, e dará lugar á incoación e tramitación por parte da Deputación dos procedementos necesarios para a súa resolución.

5.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE LOBIOS PARA “CONVENIO BANDA MUNICIPAL”.- No Pleno, con data 27 de setembro de 2019, acordouse aprobar o expediente nº 4/2019 de modificación das bases de execución do orzamento para o ano 2019, e con cargo á aplicación 450.12/462.00, a cantidade de 5.000,00 € euros ao Concello de Lobios para “Convenio Banda Municipal”.

A Sección de Subvencións comprobou que a solicitude formulada pola alcaldesa do mencionado concello cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos.

Polo exposto, unha vez concluída a instrución do expediente pola Sección de

Subvencións e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adoptou** o seguinte **acordo**:

Aprobar a concesión dunha subvención ao Concello de Lobios, nos seguintes termos:

- **Importe:** 5.000,00 euros.

- **Obxecto:** “Convenio Banda Municipal”.

- **Xustificación:** A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.

3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o 100% do importe do orzamento presentado (5.000,00 euros), indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.

5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos

interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

- **Prazo xustificación:** ata o 15 de decembro de 2020.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable.

6.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE PUNXÍN PARA “REGULACIÓN SEMÁFOROS”.- No Pleno, con data 27 de setembro de 2019, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2020 con cargo á aplicación 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 4.700,00 euros ao Concello de Punxín para “Regulación semáforos”.

A Sección de Subvencións comprobou que a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos.

Polo exposto, unha vez concluída a instrución do expediente pola Sección de Subvencións e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adoptou** o seguinte **acordo**:

Aprobar a concesión dunha subvención ao Concello de Punxín, nos seguintes termos:

- **Importe:** 4.572,07 euros.

- **Obxecto:** “Regulación semáforos”.

- **Xustificación:** A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes

extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o 100% do importe do orzamento presentado (4.572,07 euros), indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da

entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

- **Prazo xustificación:** ata o 15 de decembro de 2020.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

7.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN A FAVOR FEDERACIÓN GALLEGA DE ATLETISMO PARA ACTIVIDADES 2019”.- No Pleno, con data 27 de setembro de 2019, acordouse aprobar o expediente nº 4/2019 de modificación das bases de execución do orzamento para o ano 2019, e con cargo á aplicación 341.11/482.10, a cantidade de 6.000,00 euros, a favor da Federación Galega de Atletismo, para “*Actividades 2019*”.

A Sección de Subvencións comprobou que a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos.

Polo exposto, unha vez concluída a instrución do expediente pola Sección de Subvencións e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adoptou** o seguinte **acordo**:

Aprobar a concesión dunha subvención a favor da Federación Galega de Atletismo de La Coruña, nos seguintes termos:

- **Importe:** 6.000,00 €.

- **Obxecto:** Actividades 2019.

- **Xustificación:** A subvención xustificarse mediante a presentación da conta xustificativa, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior á presentada no orzamento que serviu de base para a valoración da subvención (8.253,00 €). No suposto en que só se

xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.

b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos

interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

- **Prazo xustificación:** ata o 15 de decembro de 2020.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable.

8.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

9.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- O Sr. presidente informa aos membros da Xunta de Goberno que hoxe asinará un decreto no que se acordará que todas as reunións que se realicen a partir de agora serán por videoconferencia, co obxecto de que non haxa reunións de máis de 5 persoas nun mesmo recinto.

Tamén comunica que se apraza a entrega do premio Ourensanía debido as restricións de mobilidade provocadas pola pandemia do COVID-19.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás nove horas e cincuenta e tres minutos do referenciado día dous de novembro do ano dous mil vinte, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará electronicamente.